

**ACTA DA 4ª SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A
PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA
DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA/O, FUNCIONARIA/O DE CARREIRA,
CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021
CONCELLO DE TEO.**

En Teo, no despacho do arquitecto municipal, sendo as 09:00 horas do día 05 de xuño 2023 reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a confección do segundo exercicio da fase de oposición dunha praza polo sistema de promoción interna de auxiliar administrativa/o, funcionaria/o de carreira do Concello de Teo.

Presidenta:

D^a. Marta Oviedo Creo (tesoureira do Concello de Boiro)

Vogais:

D^a. María Jesús Carreira Salvadores (administrativa do Concello de Teo).

D. Susana Calvo Baleato (tesoureira do Concello de Teo).

Secretario:

D^a. Ignacio Soto González (arquitecto municipal do Concello de Teo)

De acordo co previsto na base novena B) das que rexen o proceso selectivo, o segundo exercicio da fase de oposición, *“Consistirá na resolución dun (1) suposto práctico, a elixir entre dúas (2) propostas do órgano de selección, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario que consta no Anexo II desta Resolución, e para o que as persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de sesenta (60) minutos.*

Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso de textos legais sen resolución de casos prácticos. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas que figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples, sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial; estando expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo.

Así mesmo, durante a realización deste exercicio non estará permitido o uso de teléfonos móbiles polas persoas aspirantes.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

De acordo co exposto, procédese polo Tribunal a configurar o segundo exercicio, da fase de oposición segundo as bases que rexen a convocatoria, segundo exercicio que se incorpora como anexo I á presente.

Sendo as 10:00 horas procédese a realizar o chamamento público no salón de plenos do concello das persoas aspirantes, co seguinte resultado:

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	ASISTENCIA
VIÑA FEÁS	MARÍA JESÚS	***0741**	SI

Antes de comezar a realización do exercicio, explícaselles ás persoas aspirantes o sistema a seguir para dar cumprimento ao establecido nas bases para que o primeiro exercicio da fase de oposición.

Sendo as dez horas e sete minutos da comezo a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, cunha duración de 60 minutos, rematando ás once horas e sete minutos.

Sendo as once horas e quince minutos, procédese polo Tribunal a corrixir o segundo exercicio da fase de oposición.

Rematada a corrección do segundo exercicio da fase de oposición, o resultado é o seguinte:

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	PUNTUACIÓN
VIÑA FEÁS	MARÍA JESÚS	***0741**	25,00

Considerando que, segundo a base novena das que regulan o proceso selectivo, para superar o primeiro exercicio da fase de oposición será preciso acadar un mínimo de 15 puntos, polo que, superaron este primeiro exercicio da fase de oposición os aspirantes que teñan unha puntuación igual ou superior.

De acordo co previsto nas bases oitava e novena das que rexen a convocatoria, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Que no prazo de dous (2) días hábiles se publique o contido do primeiro exercicio da fase de oposición e as respostas correctas salón do pleno do concello de Teo, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Segundo.- Que se publiquen as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes no segundo exercicio da fase de oposición no Concello de Teo, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, prazo que se contará dende a derradeira publicación nos lugares indicados.

Sendo as doce horas do cinco de xuño de dous mil vinte e tres, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidenta Marta Oviedo Creo	Vogal María Jesús Carreira Salvadores
Vogal Susana Calvo Baleato	Secretaria/vogal Ignacio Soto González

ANEXO I

SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DUNHA PRAZA POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA/O, FUNCIONARIA/O DE CARREIRA DO CONCELLO DE TEO

NOMBRE:

D.N.I.

EJERCICIO PRACTICO 1 (30 puntos)

La Alcaldía del Ayuntamiento de Teo ha dictado en fecha 15 de febrero de 2021 resolución de desestimación de la solicitud de vallado de una calle, realizada por una vecina. El texto de la resolución determina que se notifique a la interesada la resolución dictada.

CUESTIONES:

¿Qué elementos deberá contener la notificación de la resolución? (4,5 puntos)

¿En qué plazo deberá realizarse dicha notificación? (1,5 puntos)

Si la notificación de la resolución se realizara en papel en el domicilio de la interesada y en el momento de llegar el notificador sólo se encontrara en la vivienda el hijo menor de edad de la vecina solicitante, ¿cómo debería actuar el notificador? (6 puntos)

Si ni en el primer intento de notificación ni en el segundo se hubiera podido practicar dicha notificación (notificación infructuosa), ¿cómo debe actuar el ayuntamiento? (6 puntos)

Si la interesada no está de acuerdo con el contenido de la resolución dictada, ¿Qué recursos podría interponer tanto en vía administrativa, como en vía judicial? (6 puntos) ¿Cuál será el plazo para la interposición de los mismos? (6 puntos)

NOMBRE:

D.N.I.

EJERCICIO PRACTICO 2 (30 puntos)

Don Rodrigo Vázquez Aramendi, se persona en el registro del Ayuntamiento de Teo y presenta un recurso de Alzada en nombre de Doña María del Carmen García Rodríguez, con la intención de recurrir una resolución en la que se deniega la concesión de una licencia de obras de esta última, la denegación de la licencia fue realizada por el concejal delegado de Urbanismo.

CUESTIONES:

- a) ¿Puede Don Rodrigo Vázquez, sin más, interponer el recurso frente a la denegación de la licencia de Doña María del Carmen? (5 puntos)
- b) ¿Qué recurso se debería interponer ante el propio Ayuntamiento, frente a la resolución del Alcalde que deniega la licencia de obras que se solicitó? (5 puntos)
- c) ¿El Recurso a que se refiere el apartado anterior, es necesario, o se podría acudir a la Administración de Justicia? (5 puntos)
- d) ¿Qué plazo tiene el Ayuntamiento para dictar y notificar la resolución de este recurso? (5 puntos)
- e) ¿Cómo se debe entender el silencio administrativo, si la Administración no responde? (5 puntos)
- f) ¿Es competente el concejal delegado para denegar una licencia? Razone la respuesta ¿En el caso de que no fuese competente como se calificaría el acto administrativo? Razone la respuesta. (5 puntos)